

A D.O. Ribeira Sacra entrega os premios de Aosta e Antonio Lombardía celebra a súa primeira comida de Nadal do sector como Presidente

A D.O. Ribeira Sacra celebraba este venres a súa tradicional comida de Nadal, un encontro de confraternidade na que se dá cita o sector do viño. Este encontro, que tivo lugar no Parador de Turismo de Monforte de Lemos, aprovéitase para facer entrega dos premios do **Concurso Internacional "Mondial deas Vins Extremes"**, que se celebrou en setembro no Valle d'Aosta (Italia).

Nesta edición do Concurso, a D.O. Ribeira Sacra convertíase na Denominación que máis Gran Medallas de Ouro conseguía, 5; e 21 Medallas de Ouro.

Gran Medalla de Ouro (de 93 ata 100 puntos)

- **Godello Regina Viarum 2022**, Regina Viarum S.L. Sober
- **Godello Pazo de Maga 2022**, Pazo de Maga S.L.U. Monforte de Lemos
- **Don Bernardino branco 2022**, Don Bernardino. Sober
- **Viña Vella branco 2022**, SAT Virxen dos remedios. O Saviñao
- **Inseparables branco 2021**, EDV 2015 SL. Quiroga

Medalla de Ouro (de 89 ata 92,99 puntos)

- **Vía Romana do Camiño Mencía garda 2021**, Adegas e Viñedos Vía Romana. Chantada
- **Pizarras y Esquistos 2020**, Adega Ponte da Boga SL. Castro Caldelas
- **Godello Almalarga 2022**, Alma das Donas S.L.U. Pantón
- **Mencía Garoubas 2021**, Adega A Carqueixa. Monforte de Lemos
- **Mencía Garoubas 2020**, Adega A Carqueixa. Monforte de Lemos
- **Mencía Don Xoan 2022**, Adega Gullufre. Sober
- **Mencía Romeo Domain 2022**, Adega Gullufre. Sober
- **Prómine 2022**, Adegas Petrón S.L. Sober
- **Casa Moreiras Mencía 2022**, Casa Moreiras. Pantón

- **Casa Moreiras Godello 2022**, Casa Moreiras. Pantón
- **Mencía Don Bernardino Ibio 2020**, Don Bernardino. Sober
- **Mencía Don Bernardino 2021**, Don Bernardino. Sober
- **Mencía Don Bernardino 4ª Generación 2018**, Don Bernardino. Sober
- **Mencía Don Cosme 2022**, EDV SLU. Quiroga
- **Mencía Galanteiro 2022**, José Luis Pérez Pérez. O Saviñao
- **Mencía Asolagados 2022**, Pilares de Belesar S.L.U. O Saviñao
- **Finca Cuarta Consentida 2019**, Finca Cuarta Bodegas y Viñedos
- **Finca La Capitana 2018**, Regina Viarum SL. Sober
- **Mencía Regina Expresión 2020**, Regina Viarum SL. Sober
- **Godello Regina Dona 2021**, Regina Viarum SL. Sober
- **Mencía Val da Lenda 2022**, Víctor Manuel Rodríguez López. Sober

O **Mondial des Vins Extrêmes** é o concurso enolóxico máis importante, reservado aos viños producidos en rexións de montaña ou procedentes de cultivos extremos: altitude superior a 500 metros, pendente do terreo superior ao 30% (en zonas da D.O. Ribeira Sacra chégase ao 80%) ou sistemas vitícolas de cultivo en terrazas). A esta edición, a D.O. Ribeira Sacra presentaba 67 mostras de 28 adegas.

Esta era a primeira comida de Nadal da D.O. Ribeira Sacra con **Antonio Lombardía como Presidente**. Ademais de desexar Felices Festas a todo o sector e agradecer o trato recibido durante estes meses, na súa intervención repasou as principais accións levadas a cabo neste 2023 e avanzou proxectos para o 2024.

“Estamos a facer unha aposta clara pola internacionalización e a formación. Queremos tamén mellorar a dixitalización das nosas adegas e a conectividade, para que a relación do Consello Regulador con adegas e viticultores sexa máis efectiva e dinámica e tamén a comunicación das nosas adegas cara ao exterior”, aseguraba Lombardía.

Así a D.O. Ribeira Sacra estará en Wine Paris & Vinexpo Paris 2024 do 12 ao 14 de febreiro e en Prowein en Düsseldorf (Alemaña) do 10 ao 12 de marzo. Trabállase en ampliar os espazos expositivos neste tipo de feiras e na participación en novas citas de promoción exterior.



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 15 de decembro 2023

A nivel formativo faise un esforzo pola formación para competir en mercados internacionais, preparan formación WSET (Wine & Spirit Education Trust), cursos de Marketing Dixital e Comercio Electrónico e formación sobre Packaging. O enoturismo tamén se converte nunha área á que prestar especial atención con maior promoción para a Ruta do Viño e as súas actividades.

“Este ano foi intenso para min como Presidente, renovamos vogalía na CECRV (Conferencia Española de Consellos Reguladores do Viño) e ostentamos a presidencia de ACRUAGA (Asociación de Consellos Reguladores do Viño de Galicia e das IIXX Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia)”, aseguraba Antonio Lombardía, que para o 2024 sinalaba que se fará un importante labor de delimitación da D.O., “Imos iniciar a delimitación, deste xeito quedará claro onde se pode plantar e onde non en cada concello dos que integra a D.O. Ribeira Sacra”.